

O MdPS EN CLAVE DE XÉNERO

REPRESENTACIÓN FEMININA NO PLANO SIMBÓLICO E RELIXIOSO

Con esta coidada selección de fondos podemos realizar un peculiar percorrido pola concepción e iconográfica do feminino en diversos soportes artísticos. Desde a mitoloxía romana, coa forte e funcional presenza do panteón feminino, á dualidade de representacións en época medieval, onde nos atopamos cos estereotipos de virxe e pecadora, «ambas as dúas supoñen a cara e a cruz dunha realidade que, se por unha banda xustifícase coa razón de ser de diversas imaxes devocionais ligadas directamente á peregrinación, a outra é en boa medida a representación gráfica sobre o que a Igrexa pensaba sobre a muller no medievo» (Cendón Fernández, 2010: 157).

OBRAS SELECCIONADAS:

DENARIO



Nº Inv. D-1092.13/7

Título: denario

Obradoiro: ceca de Roma

Contexto: 63 a.C.

Localización: planta baixa. Unidade temática: Tradición. A Evanxelización de *Hispania*

Denario da familia Furia (L. Furius Cn. F. Brocchus) (63 a.C). Anv.: III VIR na parte superior, BROCCHI na parte baixa, cabeza de Ceres a dereita entre espigas de trigo e cebada. Gráfica de puntos Rev.: L.FVRI/CN.F, cadeira curul entre fasces. Gráfica de puntos.

Ceres representa a deusa da fertilidade da terra, inventora dos cereais e polo tanto, da agricultura e a civilización. Adoita aparecer entronizada como deusa da terra domesticada. Os seus atributos son: o cetro, espigas de trigo nas mans, fachos, durmideiras, un carro tirado por dúas serpes. Pode aparecer coroada cos froitos da terra que adoitan presentarse acumulados en cornucopias (Carmona Muela, 2011: 28).

Ficha documental:

D-1092.13/7, PÉREZ OUTEIRIÑO, B. CER.es (<http://ceres.mcu.es>), Ministerio de Cultura y Deporte, España.

Bibliografía de referencia:

CARMONA MUELA, J. 2011: *Iconografía clásica. Guía básica para estudiantes*, Akal, Madrid.

RODA DA FORTUNA



Nº Inv. D-122

Título: roda da Fortuna

Obradoiro: compostelán

Contexto: s. XIII

Material arqueolóxico: azibechería 29 (Santiago de Compostela)

Localización: segundo andar. Unidade temática: A cidade de Santiago de Compostela. Desenvolvemento urbanístico e económico.


Praca decorativa recuperada nas escavacións arqueolóxicas da rúa da Acibechería, 29 (Santiago de Compostela). Na parte central aparece representada a Fortuna, coa cabeza tocada con diadema perlada, ollos amendoados e nariz e boca ben trazados. Viste túnica con escote redondo e decoración igualmente de perlas. Aparece empurrando coa súa man esquerda a roda.

Na filosofía antiga Fortuna (a *Tyche* grega) é considerada símbolo de fertilidade a abundancia, e polo tanto, dotada dunha misión positiva na sociedade. Con todo, na Idade Media, vincúlase coa idea caprichosa e cambiante que pode tomar o destino e, en consecuencia, considerárase insensata, cega e mesmo perniciosa. Ela vai ser a responsable de xirar de xeito aleatoria a roda que rexe o destino da humanidade que volve pobre ao rico e adañeirado e ditoso ao miserable, sen ningún tipo de lóxica.

Ficha documental:

D-122, PESQUERA VAQUERO, I, B. CER.es (<http://ceres.mcu.es>), Ministerio de Cultura y Deporte, España.

ARPÍA



Nº Inv. D-55

Título: capitel

Obradoiro: compostelán

Contexto: 1250

Localización: segundo andar. Unidade temática: A cidade de Santiago de Compostela. Un lugar para o culto. A evolución do santuario.

Capitel con representacións de bestiario imaxinario. Nun dos seus lados represéntase un animal fantástico, maléfico, denominado arpía: corpo de ave, busto feminino e con frecuencia rabo de serpe (Nodar Fernández V. 2019: 196). A arpía é un dos bestiarios que representa a sedución e a atracción polos praceres carnaís.

As representacións de bestiarios tiñan entre os seus obxectivos evitar as tentacións e renegar do pecado. Consegúan un efecto de intimidación inmediato nos homes e mulleres católicos do momento.

Ficha documental:

D-55, PESQUERA VAQUERO, I e PÉREZ OUTEIRIÑO, B. CER.es (<http://ceres.mcu.es>), Ministerio de Cultura y Deporte, España.

Bibliografía de referencia:

NODAR FERNÁNDEZ, V. 2019: El bestiario esculpido en los capiteles románicos de la catedral de Santiago: una aportación a las fases constructivas y al programa iconográfico del momento, Tese de Doutoramento, Dir. M.A. Castiñeiras González e F. Díaz Platas, Universidade de Santiago de Compostela.

SANTA PARENTELA



Nº Inv. D-1006

Título: Santa Parentela

Autor: círculo de Jacob Cornelisz van Oostsanen.

Contexto: 1520

Localización: planta baixa. Unidade temática: Santiago. Historia, tradición e lenda.

Esta táboa representa unha composición xerárquica en tres rexistros perfectamente delimitados coa intención de diferenciar o distinto status dos personaxes. Representábase á numerosa familia da Virxe, comunmente coñecida como «a Santa Parentela». Así como os dous primeiros niveis pertencen á dimensión terreal, o terceiro alude á esfera celeste.

A Santa Parentela representa a xenealoxía feminina de Xesús, iniciada por santa Ana, nai da virxe. Neste cadro pódese observar unha ampla representación da Sagrada Familia por filiación materna. Esta tradición non ten un fundamento bíblico e destaca a importancia das mulleres relegando aos homes a un segundo plano, ata chegar a Xesús. Semella, pois, a transposición feminina da xenealoxía de Cristo derredor de santa Ana como centro da estirpe, de aí que esta representación reciba tamén a denominación xenérica de «Estirpe de santa Ana», non podendo confundila coa denominada habitualmente como «Santa Ana Trinitaria».

Ficha de catalogación:

D-1006, PÉREZ OUTEIRIÑO, B. CER.es (<http://ceres.mcu.es>), Ministerio de Cultura y Deporte, España.

SANTA ANA TRINITARIA



Nº Inv. D-795

Título: Santa Ana Trinitaria

Obradoiro: escola hispano-flamenga

Contexto: primeira metade s. XVI

Escultura en vulto redondo representando o grupo de Santa Ana trinitaria: santa Ana como nai da Virxe, a Virxe e Xesús Neno. Composición na que se fai notar a relación xerárquica en razón de idade a través do escalado tamaño de cada un dos personaxes representados.

Santa Ana Tripla ou trinitaria é un dos modelos iconográficos máis coñecidos, nela represéntase a nai da Virxe con María e o neno. A relación que esta figura mantiña coas lendas apócrifas da especial concepción de María, fixeron que normalmente se asociase a súa iconografía cos preceptos inmaculistas (Peinado Guzmán, 2014: 202). A raíz do concilio de Trento. A Igrexa vai procurar suprimir este prototipo por non ser un episodio evanxélico, pero a devoción popular fixo que alcanzase un gran éxito.

Santa Ana sería a iniciadora da Santa Parentela, que representa a xenealoxía feminina de Cristo.

Ficha de catalogación:

D-795, PESQUERA VAQUERO, I., B. CER.es (<http://ceres.mcu.es>), Ministerio de Cultura y Deporte, España.

Bibliografía de referencia:

PEINADO GUZMÁN, J.A. 2014: «La iconografía de Santa Ana Triple. Su casuística en el arzobispado de Granada» en *Revista del Centro de Estudios Históricos de Granada y su Reino*, (26), 201-222.

BIBLIOGRAFÍA CITADA:

CENDÓN FERNÁNDEZ, M. 2010: «Mujer, peregrinación y arte en el Camino de Santiago. ¿Ave y Eva?» en *Mujeres y peregrinación en la Galicia medieval*, Carlos Andrés González (ed.), *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Monografías 11, Santiago de Compostela.

CARMONA MUELA, J. 2011: *Iconografía clásica. Guía básica para estudiantes*, Akal, Madrid.

NODAR FERNÁNDEZ, V. 2019: El bestiario esculpido en los capiteles románicos de la catedral de Santiago: una aportación a las fases constructivas y al programa iconográfico del momento, Tese de Doutoramento, Dir. M.A. Castiñeiras González e F. Díaz Platas, Universidade de Santiago de Compostela.

PEINADO GUZMÁN, J.A. 2014: «La iconografía de Santa Ana Triple. Su casuística en el arzobispado de Granada» en *Revista del Centro de Estudios Históricos de Granada y su Reino*, (26), 201-222.